

## COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE

### ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 4 DE ABRIL DE 2014

Acórdase por asentimento:

(i) Aprobar a acta da da reunión ordinaria da Comisión Permanente do día 24 de marzo de 2014.

(ii) Aprobar o informe solicitado pola asesoría xurídica da Universidade de Vigo en relación co escrito presentado polo Prof. Dr. Fernando de Franco Paz no que insta a nulidade de pleno dereito do acordo da Comisión Permanente de 13 de xuño de 2012 sobre asignación de espazos na Facultade.

(iii) Adoptar as seguintes resolucións en relación cos traballos de fin de Grao do curso 2013-2014:

1. Ampliar, en exercicio da competencia que lle atribúe o artigo 13 do Regulamento para a elaboración do traballo de Fin de Grao en Dereito, ata o día 16 de maio de 2014 ás 14:00 h o prazo de entrega da solicitude para a presentación pública e avaliación do Traballo de Fin de Grao para a 1ª oportunidade de exame.
2. Substituír a firma do visto e prace do titor na solicitude da alumna D.<sup>a</sup> María Victoria Conde Fuentes de presentación pública e avaliación do traballo fin de grao, que, segundo o art.º 7 do Regulamento para a elaboración do traballo de fin de grao, debe cumprirse segundo o formulario que figura no anexo II, por un correo electrónico do titor enviado ao Sr. Decano ou á Sra. Vicedecana de Organización Académica no que conste expresamente ese visto e prace, dada a dificultade de presentar o anexo II debidamente cuberto ou remitilo telemáticamente manifestada polo titor.
3. Nos casos nos que cómpara substituír ao presidente ou á secretaria do tribunal avaliador do TFG polos seus respectivos suplentes, os suplentes os substituirán na súa calidade de membros do tribunal, pero non nas condicións de presidente ou secretario, que deberán ostentalas os que, tendo en conta a

nova composición do tribunal, cumpran respectivamente os requisitos de máis rango e de menos idade esixidos polo art. 6.2 do Regulamento.

4. Que, ante a imposibilidade de que o tribunal avaliador do TFG se constituía, por orde do seu presidente, na primeira quincena do mes de abril, xustificada por un permiso de investigación do presidente para a asistencia a un congreso, o presidente do tribunal convoque alomenos aos membros do tribunal dentro do prazo esixido polo art. 6.6 do Regulamento para a constitución do tribunal, e que procedan á súa constitución á maior brevidade posible.

Ourense, 4 de abril de 2014

A secretaria  
Decanato  
Facultade de Dereito  
Universidade de Vigo  
Marta Fernández Prieto

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense celebrada o día 4 de abril de 2014 se publicaron oficialmente no tablón de anuncios da Facultade o día 7 de abril de 2014.

A SECRETARIA

Marta Fernández Prieto